



GUÍA PARA A XUSTIFICACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN

1. PRAZO PARA SOLICITAR E XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA

- Do 18/07/2016 ao 17/08/2017.

2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Anexo IV:** Solicitude de abono da axuda concedida.
- Anexo V:** Declaración doutras axudas 2016 para a mesma finalidade, solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de entidades privadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución.
- Anexo VI:** Memoria de actividades 2016.
- Anexo VII:** Relación de gastos 2016 por importe equivalente ao da subvención concedida.

As entidades subvencionadas por máis dunha modalidade deportiva deberán presentar un Anexo VI e VII por cada unha delas.

- No caso das SAD,** ademais, certificacións acreditativas de que a entidade está ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social e de non ter débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

3. ONDE PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN

Hai dúas opcións:

- Presentación electrónica (só para as entidades que presentaran a solicitude de subvención por esta vía):** ir a "CARPETA DO CIADÁN", selección o procedemento correspondente e depositar os anexos.
- Presentación "en papel":** unha vez cubertos e impresos os anexos IV, V, VI e VII, presentaranse nos servizos provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte.

4. SOBRE O ANEXO VII (RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVESTIMENTOS)

- Esta relación de gastos será, polo menos, por importe equivalente ao da subvención concedida.
- Os gastos a xustificar corresponderán ao ano 2016 (deben terse efectuado e pagado nese período).
- NON é necesario presentar facturas nin xustificantes de pago dos gastos recollidos pola entidade no Anexo VII.**
- No apartado "Concepto" do Anexo VII, deberá detallarse o máximo posible o concepto do gasto (p.ex.: en vez de indicar "Autobús", indicar "Autobús participación Cto. España"; ou en vez de "Material deportivo", indicar "Balóns, roupa adestramento/competición, etc.". En ningún caso neste concepto se poderá incluír material inventariable.

GASTOS SUBVENCIONABLES QUE SE PODEN RECOLLER NO ANEXO VII

No caso dos clubs e SAD:

- Licenzas federativas aboadas.
- Seguros deportivos aboados e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva, que non fosen obxecto doutras axudas, subvencións ou achegas desta ou doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Inscripcións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición.
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos de adestradores/as.
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.
- Gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións.
- Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc.).
- Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.
- Gastos de ambulancias no desenvolvemento de eventos deportivos.
- Alugamento de instalacións deportivas para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións.
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluíndo salario, cotas da Seguridade Social e as retencións do IRPF practicadas. En canto ás relacións de responsabilidade que deriven dese carácter contractual entre a entidade beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.

No caso das agrupacións deportivas escolares:

- Gastos de organización (material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitaxe e calquera outro relacionado e directamente imputables á organización da actividade).
- Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, etc.).

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Si ben non é necesario presentar os xustificantes de pago dos gastos recollidos no Anexo VII, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe, un número de expedientes significativo, coa finalidade de obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para o cal poderá requirirle á entidade beneficiaria a remisión da totalidade dos documentos xustificativos (facturas e xustificante bancario de pago); no caso de importes inferiores a 1.000 € a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor (factura/recibín).
- A entidade deberá conservar, nos seguintes 4 anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

5. ACTUALIZACIÓN DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE

- RECÓRDASE** que para poder cobrar a subvención, as entidades beneficiarias deben ter adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, tendo de prazo límite ata o momento da xustificación da subvención.